



MIRADA SEXOLÓXICA

*Proxecto de atención á sexualidade
de persoas con discapacidade intelectual*



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



MIRADA SEXOLÓXICA

Abrimos o prazo para participar nun novo proxecto que poñemos en marcha este ano.

A sexualidade forma parte da vida de todas as persoas e, en moitas ocasións, xorden necesidades, dúbidas ou situacións que non sempre sabemos como abordar.

Con este proxecto queremos dar resposta a esas realidades, a través da colaboración cunha sexóloga que traballará conxuntamente co equipo profesional da entidade durante un período de catro meses.

A intervención desenvolverase seguindo o posicionamento de Plena inclusión sobre a sexualidade, que podedes consultar [nesta ligazón](#).

METODOLOXÍA

Este proxecto ofrece un acompañamento sexolóxico especializado e continuado **durante 4 meses ás entidades**, adaptado á súa realidade organizativa, aos seus equipos profesionais e ás situacións concretas que xorden no día a día.

A intervención é un proceso de apoio sostido no tempo, no que a sexóloga actuará como figura de referencia para o equipo, co fin de que as entidades conten cun respaldo profesional próximo que lles permita abordar con maior seguridade e criterio as cuestións relacionadas coa sexualidade que xordan dentro da entidade.

OBXECTIVOS DO PROXECTO

- Detectar e abordar as necesidades específicas das persoas atendidas neste ámbito.
- Proporcionar recursos e ferramentas ao equipo para xestionar e resolver situacións relacionadas coa sexualidade.
- Xerar un espazo seguro de reflexión, supervisión e aprendizaxe.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR

- Ser unha entidade: darase preferencia a aquelas que están federadas.
- Compromiso temporal: A entidade debe comprometerse durante un período de 4 meses.
- Detectar necesidades no ámbito da sexualidade de persoas con discapacidade intelectual, permitindo así unha mellor intervención.
- A entidade debe contar cun equipo de traballo de mínimo 3 profesionais, dos cales preferiblemente un debe ser coidador/a, outro profesional do ámbito da psicoloxía e outro membro da dirección. Ademais, será necesario formar un grupo de entre 4 e 6 persoas usuarias que teñan necesidades a resolver neste ámbito específico.
- Praza dispoñible: A convocatoria cubrirá 1 praza para participar no proxecto.

PRAZO

O prazo para amosar interese neste proxecto estará aberto ata o 10 de abril.
Para formalizar a inscrición, debe cubrirse o formulario de solicitude:

Accede aquí ao
[Formulario de solicitude](#)



*Acende o dereito a sentir,
gozar e decidir*



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

